

0, nosos -1



MENDEZ NUÑEZ

Dirixen esta publicación:

Alvaro de las Casas

Xosé Filgueira Valverde

Sebastian Gonzalez

Anton Fráguas

Xurxo Lourenzo

Ramón Martínez Lopez

I

Pouco a pouco, manseniño, a noite vai
pechendo incerta de medos e tremente de chu-
vias. Entre os navios fondeiados na ria de Pa-
saxes, o bergantin de guerra *Nervión* bambéa-
se deliñando nas somas a sua liña xentil, satu-
rada de eleganzas. Decorren os derradeiros
dias do mil oitocentos corenta: guerra civil,
revoltas, pronunciamentos, loitas cos faicio-
sos. Na camareta do barco guerreiro parra-
feian os oficiaes en col dos manexos políticos.
Pol-a coberta, enfundado no seu impermeabre
ingrés, paseia un mocíño de dazaseis anos,
guarda mariña, de ollos fundos e de xesto es-
grevio. O rapaz paseia de vagar, a pasos lon-
gos e repousados que resoan no carballo das
amuras, entre a ferramenta dos catorce cañós.
Cizaguean as chalanas a singlar de unha parte
pra outra; chapotean os remos das falúas que
veñen dos malecós. O mocíño, pecho en sí,

cisma coma un pequeno Napoleon en derrota; cisma, acugulado de saudades, a ensoñar nos primeiros anos. E vese cativo, miudíño, a xogar no seu Vigo natal pol-a vilega Porta do Sol, entre as xestas do Tegra, baixo as mura-delas dos castelos do Castro e de San Bastian, pol-os peiraos granítecos onde conversaban no solpor as donas fidalgas vindas dos pazos ourensáns a gostar dos baños do mar; vese despois en Marin, a choutar na románteca praia de Portocelo, arrolado pol-o fungar mitolóxico dos piñeiros; vese logo en Pontevedra, na quentura do casal paterno, escoitando os paliques dos vellos que en roda do braseiro xogaban interminabres partidas de brisca hastra que os sinos de S. Bartolomeu dabán toque de Animas: aquela Pontevedra docísima, recendente de salseiros e arumada de cheiros montesíos queda, repousada, silenziosa sempre, por onde tremelucia ainda a soma temibre do almirante Rooke. Do fundo de tanta lembranza vánse destacando as liñas purísimas da sua nai, e nos ollos requentados de arelas do rapaz fulxe a craridade queimante

dunhas bágoas. Galiza a sua pátreia adourada, renaz pouco a pouco no seu peito baril. Ah si eu poidese—pensa—darlle un dia mais de grorea! E maxínase, xa home, comandando unha goleta de vapor, meténdose invencibre entre os admirantes nemigos e arriando a cañonazos, unha por unha, as bandeiras de guerra da Inglaterra coma fixera aquele seu tio Dor. Xoquin Nuñez, heroi en Trafalgar, que arrodeado de tres veleiros ingreses e ouvindo que lle berraban:

—a coal dos tres se rende o voso barco?

contestou enrrabexado:

—aos tres; a un soio, o meu barco non se rendirá nunca.

Pro a realidade pesa esmagadora por enriba de sí. Xa non serán posibres épicas loitas, noveleiras, contra os sobertos eistranxeiros; a Hespaña desángase na traxedia dunha guerra civil. ¿Quen pode maxinar en correr mares lonxanos, en ire por esos mundos fora, en refacer os vieiros inmorredoiros das descobertas, si o nemigo pelexa na propia rua, a carón do propio casal? E o rapaz, tremente

de mágoas, balbucinte de angurias olla, nun calado salaio infindo, pra aquelas montanas vascas, tan semellantes ás do chan nativo, por onde en tales horas mánanse pais e fillos pol-o trunfo dun rei.

E o tempo perpasa, intanxibre, imperciso, a voar. Ouvese unha voz na escotilla que chama enérxica: caballero Don Casto Mendez Nuñez. E o rapaciño—dazaseis anos que se desfollan entre ontes e mañáns—baixa a se deitar, levando nos beizos o alento da cántiga lonxana que a nai sabia tan ben cando cantaba:

Durme meu neníño durme,
durme si queres durmir...

II

1846. Mendez Nuñez, alferez de navio, vai a bordo do *Volador* pol-as mareias de Montevideo. Xa é un home de mar; xa correu as costas da Guinea e Fernando Pó; xa poderá falar cos vellos patrós, cando volte a Pontevedra, das troboadas ouvidas na meia noite, lonxe do alumiar dos faros; xa viu escuadras embandeiradas de vinte cores e falou con cón-

sules de sete terras. Seu espirito fóise facendo no comprimento do deber, no respeito ás leis, na subordinación ao poder lexítimo, na xenreira ás babiecadas políticas que traen revoltos os miolos apodrecidos dos xeraes madrileños que soio pensan en botar tropas á rua por vere si os nomean ministros da guerra. Ele soio quere saber de barcos, de cencias náutecas, de artes da guerra; ele soio pensa en loitar pol-a grorea, coma se loitou en Lepanto. Fique a políteca—pensa—pra os pendáneos da Limia e os chupatintas que zugan en roda de Narvaez. A un guardamariña díxolle unha serán: os istitutos militares fixérronse pra defender ás naciós, non pra opri-milas. Gran leición de discipriña e gran defensa contra a tirania. Mendez Nuñez falou saliendo, carpindo, botando fora unha gran dor que lle roía na ialma: noite e dia, con tenacidade agobiante, erguíanse denante dele os heroicos e nobres fusilados do Carral.

Condo o *Volador* saíra da Hespaña pouco menos que rematara de cumplirse a terrible, despóteca e canallesca sentenza que con-

deara a morte a aquele valente Don Miguel de Solís que nunha primaveiral serán de abril erguera tras si a Compostela, a Lugo, a Pontevedra, a sua Pontevedra inesquecible onde fidalgos, labregos e mariñeiros saíran ledos a morrer pol-a libertade. Mendez Nuñez cando aconsellaba ao discípulo, lembrábase da victoria de Ponte do Porco e da derrota de Cacheiras; parecialle escoitar as súpricas do arcebisco Velez pedindo misericordia pra os liberaes sin reparar no groseiro despotismo dos xeraes do governo de Madrid; parecialle ollar fondeado no seu Vigo natal ao bergantin *Ner-vión*, onde fixera suas primeiras armas, subrevado tamen pol-a libertade baixo o comando de seu colega o simpático ferrolán Pardo de Andrade. *O exército non se creou pra opri-mir ás naciós, sinon pra defendelas.* Gran verdade que tremia nos beizós de Mendez Nuñez a concencia de que fora desmentida no sagrado do Carral, onde unhos valentes durmian o sono eterno fusilados por unha ditadura incivil que eistrangulaba as concencias e asobal-laba as terras,

Pol-as mareias de Montevideo Mendez Nuñez pensa na patrea lonxana, na Galiza chorosa onde acababan de morrer tantos amigos, tantos compañeiros; onde se subrebara pol-a libertade seu primeiro barco de guerra.

III

1863. Mendez Nuñez, capitán de navio, navega pol-as Antillas. Ten trinta e nove anos e dobrou dúceas de latitudes: navegou pol-o Mediterraneo na escuadra proteitora de Pio IX, estivo na Habana en viaxe urxente e segredo, cruzou pol-as costas do Brasil, Arxentina e Uruguay, dobrou o cabo da Boa Esperanza, domeñou aos piratas no sul das Visayas, venceu en loita homérica no forte de Pagalugan onde tivo de meter seu barco de xeito que o botalon incrustárase nas muradelas do castelo servindo de ponte pra que os seus mariñeiros choutasen a pelexar, corpo a corpo, cos insurreitos. Víu as fogueiras do Vesuvio e os portos lexendarios de Madagascar, navegou en barcos de moitos portes, falou con franceses e tagalos, enamoricou ás mou-

ras rapazas gaditanas e aproveitou noxentos ocios burocrátecos no ministerio da Mariña pra traducire do ingrés a *Artillería Naval* de Douglas. Qué longos viaxes! Qué vida de inquedos!

Nunha serán de outono, entre lusco e fusco, eu entrei por primeira vez no belísimo museu de Pontevedra. Entre tanta xoia de arte e tanta lembranza da histórea como alí vin, ollei nunha vitrina algús recordos do inesquecible nauta galego e sentin a emozón de ter nas miñas mans o libro de bitácora do 1863, o ano en que Mendez Nuñez navega no *Isabel II*. O libro ainda está inédito. Con devoción sinxela fun folleando páxina por páxina as impresiós do mariñeiro grorioso. Na páxina correspondente a 10-11 de marzal leín:

— “O correio da Hespaña tráenos grandes novas: entrou no ministerio da Mariña Augusto Ulloa e fixeron dimisión Halcon, Herrera e Ibarra e os direidores Chacon, Prats e din que si algun outro. ¿Quererían por acaso sere eles os ministros? Olla que fato de almirantes de empuxe”.

Na de oito de nadal di:

—“Toda a noite, hastra a unha, estiveron a embromarnos as visitas de autoridades e faranduleiros que veñen a facer comprimento a S. E. Canto parvo dándose grandes ares”.

E na de dezaoito a dazanove de marzo escreve:

—“Oxe fai catro anos, no meu viaxe a Manila no *Narvaez*, lembraña no meu diario que é o dia do meu coitado pai e que no meu casal todos me lembrarían. Dou por certo que oxe non deixarán de facelo tamen. Sempre lonxe de todo aquelo que un ama no mundo!”.

¿Quén non adiviña as tristuras de Don Casto tan lonxe da sua Galiza, tan distante dos seus, entrevendo a centos de millas pasados, tal vez, imposibres de revivir? Os seus biógrafos apenas lle destacan este amor á Terra e con todo foi imenso e domiñante. En xullo do 68 escrévelle á raiña pedíndolle que o deixe voltar a Pontevedra e engade “pra que rente dos meus poida topar o repouso e a tranquilidade que perciso” e dille ás suas irmans: “logo voltarei ehi, que é oxe o meu maor desexo”.

Soñando e matinando sempre na Galiza apenas pode vivir nela e ten de andar, andar sempre, por esos mundos fora: mariñeiro de todol-os mares, xudeu errante de todol-os camiños.

I V

A indecisión das autoridades do Perú perante do crime de que foron vítimas unhos colonos vascos, en agosto do 1863, motivou, despois de infindas xestións diplomátecas, que o almirante Pinzon ocupase as illas Chinchas reproducindo vellos conflitos guerreiros. O eixe das novas loitas ven a sere noso Mendez Nuñez, comandante xeral da escuadra do Pacífico, e de como obrou da ideia este aviso que o vintecatro de marzal do 66 mandou ao ministro de Estado: “anque sexa preciso pra elo loitar denantes co-as escuadras ingresa e american eiquí xuntas, mais a nosa afundirse nestas augas denantes que voltar deshonrada á Hepaña, que é ben millor ter honra sin mariña que mariña sin honra”.

Decorron longos días de anguria. Os navios ingreses e americans de Lord Denman

e de Rodgers dispúñanse a loitar contra os nosos. Nada no mundo — berráballes Mendez Nuñez — impediráme cumplir as miñas obligas. O trinta e un de marzal bombardeia Valparaíso e pouco despois sae pra o Callao cobizoso de amostrar a sua valentia diante os cañós dunha praza tida por inespugnable. Non virán — coidaban todos — o galego non ten meios pra unha loita esí. E alá vai Mendez Nuñez a revivir páxinas de epopeia.

A loita terrible encomenza. Troan os cañós dunha e da outra banda, zoan os ares queimantes de metralla, crébanse os masteleiros, axítanse as ondas a mazazos dos barcos que se funden; o mar do Callao e unha labareda que abafa en vinte légoas en redor. A *Numancia*, embandeirada de mandos, avanza entre o fogo nemigo disparando a dobres andanadas: Mendez Nuñez, ergueito na ponte como un deus dos vellos tempos, dirixe a loita con serenidade espartan; todos ollan pra ele, todos o ven, co-a sua gorra de combate ben calada, as patillas desfiadas no vento e o catalexo na man coma un bastón de mando. O mar balborda de salaios. De súpeto, na

ponte da capitana estoupa unha granada nemiga e Mendez Nuñez cae mortalmente ferido, coallado de sangue. O intre é dunha grandiosidade tráxica: o trunfo depende da cencia, da enerxia, do valor de aquel home, e aquel home vai morrer. Mendez Nuñez dase conta de todo e voltándose aos seus axudantes díllles imperioso: tapáime pra que os mariñeiros non desmaiuen véndome ferido. E a pelexa continúa grandiosa, homérica, hastra noite ben pecha en que os nosos navios abandoan vencedores as costas peruanas, enguirlandados de grorias.

V

A subrevación da escuadra en Cadiz o dazaoito de setembro do sesenta e oito, abre un novo periodo revolucionario. Mientras unhos pedian a proclamación da repúbrica outros procuraban un rei de dinastia diferente buscando afanosos nunhas e outras casas reais, e xogábanse os nomes do duque de Montpensier, de Don Fernando de Coburgo, de Espartero, do principe de Hohenzollem, de

Don Amadeo de Saboia... Algúis cospiradores de subida calidade propuxeron a candidatura de Mendez Nuñez, polo entón heroi popular. Decrinou enérxico; ele non quería sere nin mais nin menos que un bó cidadán respeitioso cumpridor das leises, alleo a cantas algardas se promovesen, mais o seu nome entrou en xogo e namentras unhos o defendian apaixonadamente outros o combatían acugulados de odios. A masonería tíñalle declarado guerra a morte e, segun di Mendivil, encomenzaron a aituar as sociedades segredas...

Unha mañan de xullo do sesenta e nove Mendez Nuñez rubia as escadas do ministerio da Mariña. Ia fumando un aromoso vgueiro que intres denantes lle ofrecera un destacado persoaxe da masonería de quen ninguen podía supor moitos enredos. De súpeto sentiúse fadigado, desfaleceu, e caíu rodando escadas embaixo. Pouco despois a nova corria por todo Madrid e diante do seu casal da praza de Santa Ana se amontoaban as xentes impresioadas. Ninguen deixaba de enfiar a sua sospeita reparando en doença tan pronta e

misteriosa. Mataron ao heroi do Callao... Mendez Nuñez morre vítima da masoneria...

Lévanno a Lisboa, eiquí embarcanno pra Marin e o catro de agosto éntranno no seu casal paterno de Pontevedra, na praza da Herba. Mendez Nuñez mórrese; ninguén dá co mal; váise por momentos. Seu médeco Cobian—pai do que co tempo tiña de sere ministro do rei—salouca sua impotenza pra conter os estragos do veneno. O dazasete está gravísimo, o dazanove entra en periodo agónico, o vinte confesa, dispone a partir pra eternidade como un bó cristian e fai testamento.

Amañece o vinteun de agosto. Os mariñeiros deixan de presa as dornas e corren a saber novas; as mullerciñas que veñen ao mercado dende Tenorio, Mourente e Figueirido perguntan inquedas pol-as portas; os criados dos pazos voan de parte dos señores a sabere as primeiras impresiós do día. Chaman á primeira misa os sinos de Santa Maria cun bater lento e tristeiro de oficio de Animas.

Mendez Nuñez revólvese no leito facen-

do os derradeiros esforzos, logo fica quedo, pálido, sin folgos. O reloxo de cuco do escritorio da as cinco. Esto váise, sospira o médico; Deus chama por ele, responde o crego de San Bartolomeu. Bágoas, salaios. Mendez Nuñez move a sua testa venerabre e olla por derradeira vez seus libros de bitácora amontoados nunha mesiña próisima, co orgulo de quen nun intre definitivo se encara satisfeito co-a sua histórea. Tantos mares navegados, tantos perigos corridos, tantas terras vistas!... Pasan dous, catro, sete minutos, longos como sete séculos, acedos como as sete dores. O grorioso nauta sorí docemente, como sorin os santos dos pórticos, como sorian ao morrer os herois da heroica Hélada: sabe que morre no seu casal, entre os seus, arrodeado de compañeiros dos xogos nenos, entre os moveis que tantas xeraciós viron, no leito onde a sua nai se foi pra sempre desta vida, vendo esta luz úneca da sua Pontevedra amadísima, sentindo o cheiro destas ruas de lenda nas que sempre ensoñou por esos mundos fora... As cinco e dez. E Mendez Nuñez pecha os ollos pra sempre.

* * *

Ai de tí, meu valente capitán de navío!
Si un úneço pracer tiveches nesta vida tristeira e pra ti sempre amargurada, foi o de morrer na tua vila amada e o de ter a certeza de que as tuas cinsas sempre, sempre, sempre, no correr de todol-os séculos gardaríanse no címeterio de Moaña, misturadas co-a terra da tua pátrea, quentes na xuntanza dos teus irmans. Xentes que soio pensan nas consagraciós oficiaes e que xa nin te lembran, viñeron un dia, roubaron as cinsas, e alá estás en Madrid, onde te envenenaron, onde ninguen fixo caso de ti, onde te aldraxaron sempre, onde ninguen te diu aprecio, onde naide olla a tua campa nin chora sobre a tua lousa, nun que chaman panteon de grandes homes: entre polítecos de pouco mais ou menos e valentes de casualidá. Ai de tí, meu coitado capitán de navio!

Ei, Terra!

A. C.

O libro *Pelerinaxes* de Otero Pedrayo é un maravioso diario de aquele viaxe a pé que fixo o ilustre profesor dende Ourense a S. Andrés de Teixido. As antigas e belas terras de Viana, Monterroso, Palas de Rei, Lugo, Villalba e Ortigueira, refréxanse nestas páxinas maxistrales do insigne autor de *Os camiños da Vida*.

Pelerinaxes é o libro millor pra conocer, de sul a norte, nosa pátria.—236 páxinas. Editorial Nós—Hortas, 20—Santiago—5 pts.

Galegos: pra amar fondamente ao noso pais, temos denantes que conocelo. Lêde libros de viaxes pol-a Terra.

Estudantes: si queredes que a Galiza nova teña unha categoría mental, procurade a difusión do noso idioma mercando i-españando libros que, como *Pelerinaxes*, son o orgullo dunha cultura.

ULTREYA